



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

Outono na Rede Museística

Club pequeamigos
Club EI!
Club Senior

PROGRAMA DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES

Outono 2015



Como cada ano a Rede Museística ofrece un amplo programa de actividades para tódolos públicos na programación de outono para maiores, pequenos e xente nova.

Este outono contaredes con obradoiros creativos e propostas que vos amosarán os catro museos da Rede desde unha perspectiva diferente; achegádevos e descubride con nós como a cultura pode abrir innumerables portas á imaxinación, á innovación e á fantasía.

Xerencia da Rede Museística
xerencia@museolugo.org

PROPOSTAS DIDÁCTICAS PARA O OUTONO 2015

PEQUEAMIGOS	4
En todos os museos da rede	4
Crear para xogar.....	4
Xogueteando.....	4
Audiograma na Rede.....	4
Pirámide de ideas.....	5
museo provincial de lugo	5
Convohistorias	5
Tempo Contratempo	6
Twitteando na Rede	6
O Museo intercultural: a arte islámica	6
Soño e (su)realidade.....	6
Como facían os romanos	7
O Museo intercultural: a arte chinesa.....	7
E ti como o imaxinas?	8
Pensamento esculpido	8
pazo de tor	9
Convohistorias	9
museo do mar	9
Ronsel de historias	9
museo fortaleza de san paio de narla	10
Historias soldadas	10

PROPOSTAS DIDÁCTICAS PARA O OUTONO 2015

CLUB EI!	11
Reciclarte.....	11
Geocaching na Rede Museística	11
Crea a túa APP na Rede.....	11
Obradoiros de arte para bebés e nais/pais.....	12
Obradoriros de caligrafías chinesa e árabe.....	12
CLUB SENIOR	13
A casa dos avaos.....	13
Redes sociais senior	13
Os contos da avoa	13
Banco de memoria e procomún.....	14
VIAXES	14
O futuro viaxa ao pasado.....	14

PEQUEAMIGOS

EN TODOS OS MUSEOS DA REDE

CREAR PARA XOGAR

Obradoiro de creación de trens e outros xoguetes co obxectivo de chegar aos máis pequenos ao apaixonante mundo do ferrocarril e a historia do xoguete de maneira lúdica.

IDADES: de 5 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA MUSEO PROVINCIAL LUGO: 12 de setembro de 12 a 14 h.

DATA PAZO DE TOR: 15 setembro de 18:00 a 19:30.

DATA MUSEO DO MAR: 18 de setembro de 18:00 a 19:30.

DATA MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA: 16 de setembro de 18:00 a 19:30.

XOGUETEANDO

Aprender a xogar é aprender a vivir. A través de xoguetes antigos e de xogos tradicionais os máis pequenos descubrirán a infancia dos seus maiores.

IDADES: de 3 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA MUSEO PROVINCIAL LUGO: 17 de setembro.

DATA PAZO DE TOR: 24 setembro.

DATA MUSEO DO MAR: 23 de setembro.

DATA MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA: 22 de setembro.

HORARIO: de 18 a 19:30 h

AUDIODRAMA NA REDE

As coleccións da Rede Museísticas cóntannos innumerables historias, a partir delas pódense facer moitas lecturas da nosa cultura, case tantas coma visitantes. Os rapaces e rapazas poden utilizar a súa imaxinación e o seu poder creativo para contarnos a súa propia versión das obras utilizando unha linguaxe nova para eles: a narración radiofónica.

IDADES: 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA MUSEO PROVINCIAL LUGO: 29 de setembro.

DATA PAZO DE TOR: 9 de outubro.

DATA MUSEO DO MAR: 23 de outubro.

DATA MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA: 6 de novembro.

HORARIO: de 16:30 a 18:00 h

PIRÁMIDE DE IDEAS

Nunha visita aos museos da rede hai moitas cousas que poden chamar a atención: unha sala en particular ou incluso un pequeno detalle, cada visitante experimenta unha vivencia diferente e cada punto de vista pode abrir innumerables portas á creatividade. Centrarémonos en 4 das cousas que chamaron máis a atención dos rapaces decorarase unha pirámide de papel con motivos inspirados nas notas tomadas.

IDADES: 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA MUSEO PROVINCIAL LUGO: 3 de novembro.

DATA PAZO DE TOR: 17 novembro.

DATA MUSEO DO MAR: 1 de decembro.

DATA MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA: 15 de decembro.

HORARIO: de 16:30 a 18:00 h

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

CONVOI HISTORIAS

Actividade de creación de historias de viaxes pensada para potenciar a imaxinación e fomentar a creatividade. O obradoiro iniciarase lendo un conto sobre trens para que, a partir da lectura, as nenas e nenos creen unha historia encadeada na que cada un aportará un vagón da viaxe imaxinaria.

IDADES: de 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA: 25 de setembro.

HORARIO: de 18 a 19:30 h

TEMPO CONTRATEMPO

Actividade para coñecer a situación histórica e social en 1875 cando chega o primeiro tren a Lugo relacionándoa coa situación actual. Ademais, as rapazas e rapaces serán quen de establecer as diferenzas entre os trens, as estacións e apeadeiros de hoxe en día e os de antes.

IDADES: de 10 a 16 anos

PRAZAS: 15

DATA: 1 de outubro

HORARIO: de 18 a 19:30 h

TWITTEANDO NA REDE

XUSTIFICACIÓN

Queremos que as redes sociais estean presentes nos nosos museos así que empregando a rede WIFI do museo invítase aos rapaces a seguir o hash tag do museo para participar nunha caza do tesouro particular: trátase de identificar a imaxe dunha peza que se twitteará acompañada dalgunhas pistas que axuden a localizala.

IDADES: 13 a 17 anos

PRAZAS: 20

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 6 de outubro

O MUSEO INTERCULTURAL: a Arte Islámica

Adicaremos algunhas xornadas enfocadas a diferentes nacións e culturas aproveitando a vasta colección do museo. Prestarase especial atención ás culturas das comunidades máis presentes en Lugo.

- ARTE ISLÁMICO E MATEMÁTICAS:

A partir dos azulexos e cerámicas presentes no museo pódese descubrir a orixe dos motivos decorativos islámicos e as tradicións que os influencian.

IDADES: 6 a 14 anos

PRAZAS: 20

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 13 de outubro

SOÑO E (S)UREALIDADE

Partindo das obras de arte contemporánea do Museo Provincial de Lugo e facendo especial referencia á figura da xenial Maruja Mallo ábrese a posibilidade de por en contacto aos rapaces coas técnicas artísticas contemporáneas levándoos a que comprendan o cambio de paradigma nas artes plásticas a partires do século XX.

IDADES: 8 a 14 anos

PRAZAS: 15

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 20 de outubro

COMO FACÍAN OS ROMANOS

Tanto o Museo Provincial como o mesmo recinto amurallado conteñen importantísimos testemuños da cultura romana que nos revelan tamén o xeito de vida dos lucenses hai case 2000 anos.

IDADES: 8 a 14 anos

PRAZAS: 15

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 27 de outubro

O MUSEO INTERCULTURAL: a Arte Chinesa

A colección do Museo Provincial é un reflexo do intercambio cultural que sempre estivo presente na nosa historia, moitas pezas falan de xeitos de vida e manifestacións artísticas doutros pobos que enriqueceron a nosa cultura e que dende as vitrinas nos recordan que a interculturalidade nos leva a medrar e enriquecernos coas achegas doutros.

- CHINA NO MUSEO

A partires da colección de abanos e fundas chineses tenderemos unha ponte a China que nos permita coñecer algo máis deste país oriental.

IDADES: 6 a 14 anos

PRAZAS: 20

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 10 de novembro

E TI COMO O IMAXINAS?

A colección de pintura e escultura da Rede ofrece infinitas posibilidades para despertar a curiosidade pola arte nos pequenos e iniciais na creación artística. Tomando como punto de partida algunhas das pinturas e esculturas máis representativas dos museos invítase aos rapaces a dar a súa propia versión das obras a partir do que lles suxire o título.

IDADES: 6 a 14 anos

PRAZAS: 15

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 24 de novembro

PENSAAMENTO ESCULPIDO

Con esta actividade despertamos o interese dos cativos nas representacións tridimensionais levándoos a través das esculturas do museo. Despois emularanse as técnicas de relevo contemporáneas, apelando ás novas técnicas introducidas no século XX.

IDADES: 6 a 14 anos

PRAZAS: 20

HORARIO: 17:30 a 19:00

DATAS: 8 de decembro

PAZO DE TOR

CONVOHISTORIAS

Actividade de creación de historias de viaxes pensada para potenciar a imaxinación e fomentar a creatividade. O obradoiro iniciarase lendo un conto sobre trens para que, a partir da lectura, as nenas e nenos creen unha historia encadeada na que cada un aportará un vagón da viaxe imaxinaria.

IDADES: de 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATA: 2 de outubro.

HORARIO: de 18 a 19:30 h

MUSEO DO MAR

RONSEL DE HISTORIAS

Actividade de creación de historias de viaxes pensada para potenciar a imaxinación e fomentar a creatividade. O obradoiro iniciarase lendo un conto sobre barcos para que, a partir da lectura, as nenas e nenos creen unha historia encadeada na que cada un aportará parte da viaxe imaxinaria.

IDADES: de 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATAS: 29 de setembro

HORARIO: de 18 a 19:30 h

MUSEO FORTALEZA DE SAN PAIO DE NARLA

HISTORIAS SOLDADAS

O obradoiro iniciárase lendo un conto sobre soldadiños para que, a partir da lectura, as nenas e nenos creen una historia encadeada na que cada un aportará unha parte da historia imaxinaria.

IDADES: de 7 a 15 anos

PRAZAS: 15

DATAS: 30 de setembro

HORARIO: de 12 a 13:30 h

CLUB EI!

RECICLARTE

A reciclaxe non só é aconsellable para o medio, senón tamén para a arte. Na Rede probamos a seguir a evolución da arte contemporánea dende os ready made ata os nosos días e invitamos á xente nova a que se una a naos. Ofrecemos diferentes xeitos de plantexar o proxecto dependendo dos obxectos e as ideas que se nos propoñen.

DESENVOLVEMENTO

Introducción á arte contemporánea e ao concepto de “ready made” e reciclaxe apoiándose nas coleccións do museo. Seguirá a proxectación dunha obra en grupo no que se utilicen obxectos “desbotados” e finalizarase cunha mostra mais unha posta en común e comentario do proceso.

PRAZAS: 15

DATAS: 2 e 3 de outubro

HORARIO: de 18:00 a 19:30

GEOCACHING NA REDE MUSEÍSTICA

O Museo debe ser comprendido tamén como parte integrante do conxunto patrimonial e natural lucense. Atrévete a explorar Lugo e o seu museo dende un punto de vista novo e orixinal: o geocaching.

PRAZAS: 15

DATAS: 15 de outubro

HORARIO: de 18:30 a 20:00

CREA A TÚA APP NA REDE

A Rede Museística custodia a nosa historia e o noso patrimonio, pero sen deixar de mirar xamais cara o futuro, por iso queremos promover o uso das novas tecnoloxías e estar cada día máis presentes na rede.

PRAZAS: 15

DATAS: 29 de outubro

HORARIO: de 18:00 a 19:30

OBRADOIROS DE ARTE PARA BEBÉS E NAIS/PAIS

XUSTIFICACIÓN

A Rede ofrece un espazo aberto a todos os cidadáns incluíndo os máis pequenos, por iso queremos evitar que a xente nova vexa limitada a súa participación no eido cultural e artístico coa chegada dun pequeno á familia. No museo abrimos ás portas aos bebés e aos seus “maiores” para que empecen a experimentar novas sensacións relacionadas coa arte e a creatividade.

IDADES dos BEBES: ata 3 anos.

PRAZAS: 10

DATAS: 12 de novembro

HORARIO: de 16:00 a 19:30

OBRADORIROS DE CALIGRAFÍAS CHINA E ÁRABE

XUSTIFICACIÓN

Se sentes curiosidade por coñecer novas formas de ver e expresar o mundo achégate ao museo e presentaremosche unha forma de comunicación feita arte: as caligrafías chinesa e árabe.

PRAZAS: 15

DATAS: 26 novembro e 10 de decembro

HORARIO: de 18:00 a 19:30

CLUB SENIOR

A CASA DOS AVAOS

A partires dos obxectos domésticos presentes nos museos estimularase un diálogo no que se tentará focalizar a atención nos recordos legados a obxectos similares e o seu significado. Nun segundo momento os participantes poden traer obxectos propios e comentalos para finalizar coa recollida de datos a través de gravacións dixitais.

PRAZAS: 10

DATAS: 23 e 30 de setembro

HORARIO: de 17:30 a 19:00

REDES SOCIAIS SENIOR

XUSTIFICACIÓN

Os novos xeitos de comunicación cambian constantemente e ás veces non é doado estar ao día se non nos botan unha man. É así que en ocasións a xente maior fica á marxe de fenómenos de comunicación coma as redes sociais, polo que na Rede Iles imos botar un cabo para que se enganchen ás novas tecnoloxías.

PRAZAS: 15

DATAS: 21e 28de outubro

HORARIO: de 17:30 a 19:00

OS CONTOS DA AVOA

Coa difusión dun xeito de vida diverso pérdese o costume de contar contos ou historias que reflicten o noso xeito de facer e ser, pero non se perdeu a fascinación que os nenos senten polas narracións orais.

Nun primeiro momento farase un encontro no que se poñan en común contos e historias da tradición oral. Nun segundo momento os participantes que o desexen tomarán parte nun encontro con nenos no que os maiores contarán un conto e a continuación os rapaces farán ilustracións suxeridas por estes.

PRAZAS: 10

DATAS: 18 e 25 de novembro

HORARIO: de 17:30 a 19:00

BANCO DE MEMORIA E PROCOMÚN

As nosas experiencias e o xeito en que experimentamos situacións que marcaron a historia da nosa comunidade son unha parte do patrimonio que non queremos perder. Falando, contando os testemuños e documentándoos seremos quen de reconstruír a historia subxectiva de Lugo.

En grupos pequenos entaboar diálogos relacionados coas historias contadas. Ó final do encontro, tomar fotografías dos obxectos e grabar breves resumos das historias contadas no encontro ó redor deles. Difundir e visibilizar os resultados.

PRAZAS: 15

DATAS: 2 e 9 de decembro

HORARIO: de 17:30 a 19:00

VIAXES

O FUTURO VIAXA AO PASADO.

Viaxe gratuita en tren realizando o mesmo traxecto que o do primeiro tren que chegou a Lugo en 1875: Lugo-Coruña/Coruña-Lugo. Pode participar todo tipo de público: cativos, adultos, familias, amigos...

IDADES: Todos os públicos

PRAZAS: máx. 20, mín. 10

DATAS: 10 de outubro

HORARIO: de 9 a 21:30 h

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Didáctica
982 242 300 ext. 31
didactica@museolugo.org

MUSEO DO MAR

Didáctica
982 594 572
museodo-mar@museolugo.org

MUSEO-FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

Didáctica
982 375 156
sanpaiodenarla@museolugo.org

MUSEO PAZO DE TOR

Didáctica
982 165 534
paZode-tor@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística
xerencia@museolugo.org